



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA E XUSTIZA E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PARA
A ORGANIZACIÓN DO CURSO DE FORMACIÓN DE PERSOAL INTERINO PARA O
DESEMPEÑO DE POSTOS RESERVADOS A PERSOAL FUNCIONARIO DA
ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL**

(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

Primeiro. Que, segundo o Decreto 72/2013, do 25 de abril a DXAL é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de Administración local e en particular, a quen lle corresponde a elaboración dos programas formativos en materia de Administración local e a execución das competencias que, con respecto aos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás comunidades autónomas a competencia para levar a cabo os nomeamentos de persoal interino naqueles postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional.

Para o exercicio desta competencia é de aplicación, no caso de Galicia, o Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto do persoal funcionario con habilitación de carácter estatal que, seguindo o marcado pola Constitución española, recolle a obriga de que a selección deste persoal se efectúe respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, en consonancia co disposto no Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Segundo. Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión. Nomeadamente, correspóndelle a este organismo organizar e impartir cursos selectivos de formación subseguinte ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

(2) Obxecto

O convenio ten por obxecto a colaboración na organización dun curso de formación práctica (en diante CFP) que consta dos módulos descritos no anexo do convenio e que será realizado polas persoas integrantes das listas definitivas das bolsas para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da administración local con habilitación de carácter nacional nas subescalas de secretaría-intervención; secretaría, categoría de entrada; e intervención-tesourería, categoría de entrada.





(3) Finalidade

A EGAP e a DXAL, para a organización e a convocatoria do CFP adquiren os seguintes compromisos:

- Colaborar na organización e desenvolvemento do CFP, de acordo co sinalado na cláusula terceira deste convenio.

- Participar economicamente coa cantidade que se detalla na cláusula quinta do convenio.

(4) Impacto económico

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a colaboración entre as partes organizase do seguinte xeito:

- A EGAP colaborará coa posta a disposición das súas instalacións, dos seus medios telemáticos e co seus medios persoais e materiais. Ademais, colaborará economicamente coa achega dun importe de 13.289 euros, con cargo a partida orzamentaria 05.80.122B.226.17 do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2018.

- A DXAL colaborará economicamente coa achega dun importe de 2.500 euros con cargo á partida orzamentaria 05.23.141A.233 do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2018.

(5) Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

(6) Vixencia

Para os efectos sinalados, formalizase coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2018, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta norma para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

En Santiago de Compostela, a 16 de marzo do 2018
O secretario xeral da EGAP,

Asdo. Sergio Domingo Baamonde Boquete

